

Sr. Alcalde do Concello de Cerceda

Asunto: **Comunicación da situación de risco en relación á influenza aviaria en aves**

En datas recentes confirmouse polo Laboratorio Central de Veterinaria de Algete, pertencente ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a presenza do virus da influenza aviaria H5N1 nunha explotación gandeira de produción de visóns para peletería localizada no Monte Xalo – Paleo – Carral (A Coruña).

Este virus afecta principalmente ás especies avícolas, causando unha enfermidade altamente contaxiosa e de graves repercusións sanitarias e económicas para o sector da avicultura. A súa aparición en especies non avícolas pode producirse, como é o caso, o que pode supoñer un risco para as explotacións avícolas próximas á granxa infectada debido á existencia de circulación viral.

Este virus H5N1 de influenza aviaria, de ampla distribución desde fai un par de anos en España e outros países da Unión Europea e países terceiros, non ten demostrado ata o momento unha capacidade zoonótica significativa, é dicir, ten unha capacidade reducida de transmitirse ás persoas, nin a través do contacto directo coas aves vivas nin a través dos seus produtos (carne ou ovos), porén á súa detección nunha especie non avícola pode representar un risco futuro para a saúde pública.

Dadas as repercusións no sector avícola así como a posible repercusión futura na saúde pública, a Consellería de Sanidade e a Consellería do Medio Rural decidiron levar a cabo o sacrificio obrigatorio da totalidade dos visóns da explotación e a posterior limpeza e desinfección das instalacións.

Así mesmo, a Dirección Xeral de Agricultura, Gandaría e Industrias Agroalimentarias, ademais doutras medidas de vixilancia nas explotacións gandeiras, emitiu unha resolución na que de acordo coa normativa sanitaria de aplicación, estableceuse unha zona de protección fronte á influenza aviaria ao redor das explotacións de visóns afectada e de acordo cos factores de risco e criterios epidemiolóxicos aplicables.

Esta zona de restrición con medidas sanitarias fronte á influenza aviaria afecta aos concellos de Abegondo, Cambre, Carral, Cerceda, Culleredo, Ordes, A Laracha, Arteixo, Oza-Cesuras e Mesía.

Nos citados concellos a resolución establece a prohibición de:

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias
Edificio administrativo núm. 4 de San Caetano, 2ª planta
15781 Santiago de Compostela
T.+34 981 544 777/ +34 881 999 070
mediorural.dxgaia@xunta.gal
mediorural.xunta.gal





- Cría de aves de curral ao aire libre: polo que os propietarios de aves deben recluír as súas aves en instalacións pechadas a cuberto.
- O uso de reclamos de caza con aves do tipo anátidas (parrulos ou similares) e charadriiformes (gavotas e similares).
- A cría de parrulos, ocas e gansos xunto con outras especies de aves de curral.
- A achega ás aves domésticas de auga procedente de depósitos superficiais, fontes ou outras orixes ás que puideran ter accedido aves silvestres, ao non ser que a auga sufrira un tratamento de hixienización que garantira a inactivación do virus da influenza aviaria.
- A existencia de depósitos de auga de bebida para as aves domésticas situados no exterior que non estean protexidos do acceso aves silvestres ou as súas dexecións.
- As concentracións de aves de calquera tipo, comerciais ou non (feiras, exhibicións, concursos...), tanto de aves de curral como doutras aves distintas a estas (p. ex. aves ornamentais ou similares).
- A solta de aves cinxéticas con finalidade de repoboación en determinadas parroquias destes concellos, cuestión da que esta dirección xeral xa informou á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, competente na autorización destas soltas.

Esta resolución é aplicable ata transcorridos 30 días naturais a contar desde a data de finalización das tarefas de limpeza e desinfección posteriores ao sacrificio humanitario do censo de visóns existente, cuestión que lles será comunicada nese momento.

Lémbrolles ademais a información que a través da FEGAMP foilles difundida no presente ano en relación a que as persoas propietarias de currais familiares de aves deben estremar as medidas de bioseguridade nas súas instalacións, orientadas á prevención da aparición da influenza aviaria nas súas aves, fundamentalmente evitando o contacto das aves domésticas con aves silvestres, ao seren estas aves os principais vectores de transmisión da enfermidade. Anéxase a este escrito un resumo das principais medidas de bioseguridade a aplicar nos currais avícolas familiares.

Así mesmo, lémbrolles de novo a **obriga das persoas titulares destes currais familiares de autoconsumo de inscribir o seu curral no Rexistro de Explotacións Avícolas da Consellería do Medio Rural**. A única finalidade deste rexistro e ter constancia da existencia do curral, como información de interese nunha situación de emerxencia sanitaria no sector avícola galego por influenza aviaria no noso territorio.





Este rexistro pode realizarse por diversas vías:

- Na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/portada>) cubrindo o formulario MR 501A – Inscrición no rexistro de explotacións avícolas non comerciais. Xúntase modelo para o seu coñecemento e uso se o consideran.
(<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=MR501A&ano=2015&numpub=1&lang=gl>)
- Nas Oficinas Agrarias Comarcais (OAC) da Consellería do Medio Rural.
<https://www.xunta.gal/servizos-no-mapa>
- Por calquera dos sistemas habilitados pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Esta información e outra de interese relacionada coa influenza aviaria está dispoñible na web da Consellería do Medio Rural. (<https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/gandaria/sanidade-animal>).

Quedo a súa disposición para o que precise. Reciba un saúdo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias
Silvestre José Balseiros Guinarte





ANEXO NORMAS DE BIOSEGURIDADE NOS CURRAIS AVÍCOLAS DE AUTOCONSUMO

A bioseguridade consiste en ter en conta e aplicar todas aquelas medidas tendentes á evitar a introdución e transmisión de axentes infecciosos nas instalacións onde se críen animais.

As normas de bioseguridade deberán manterse nos seguintes niveis:

- Limitar ao máximo a entrada de persoas alleas á explotación. No caso de entrada, deben utilizar roupa e calzado da propia explotación.
- Sempre que sexa posible os vehículos quedarán fóra das instalacións de aloxamento das aves.
- Existencia de sistemas de desinfección á entrada das instalacións onde se manteñen as aves.
- Evitar por parte das persoas propietarias visitas a outras explotacións con animais susceptibles.
- Adoptar medidas estritas de desinfección nas entradas, mediante pediluvios empregando desinfectantes autorizados ou en substitución lixivia ou sosa ao 2%.
- Uso de xabóns desinfectantes para a limpeza de instalacións e equipos.
- Utilizar vestiario e calzado para uso exclusivo nas tarefas de atención aos animais e non sacalo fóra da explotación.
- Non utilizar, prestar ou intercambiar utensilios propios da explotación (material, ferramentas, vehículos, roupa...) con outras explotacións ou instalacións con aves de curral.
- Evitar o contacto directo das aves domésticas coas aves silvestres, outros animais (roedores) e insectos, é manter ás mesmas no interior dos edificios e instalacións da propia explotación, prestando especial atención ao valado das instalacións e ás aberturas tales como portas (que deben permanecer pechadas), xanelas ou orificios de ventilación que deberán estar provistos de rede con ocos de 25 mm. Se non fose viable manter aos animais encerrados no interior da explotación, adoptaranse as medidas máis eficaces para que non poidan ter contacto coas aves silvestres.
- O penso deberá ser almacenado en depósitos estancos, protexido do acceso de aves silvestres e roedores.
- Non se debe subministrar ás aves, augas superficiais (regatos, charcos...) que tivesen risco de estaren contaminadas por feces ou outras secrecións de aves





silvestres. A auga deber ser subministrada en instalacións interiores ou se se atopan no exterior con utensilios de subministro protexidos do contacto con aves silvestres.

